

ESP – CAMBIOS DE PARADIGMA EN LA HISTORIA RURAL. UN DEBATE

TALLER DE HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA
GRUPO DE INVESTIGACIÓN HISTAGRA
JUEVES 17 Y VIERNES 18 DE ENERO DE 2019

1. Presentacións y objetivos

A finales del año 2012, con motivo del 30 aniversario de la publicación de la obra *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (Villares, 1982), el grupo de investigación *Histagra* y la red de investigación *ReVolta* convocaron historiadores agrarios de referencia para abordar una serie de preguntas. En síntesis, por qué en las décadas de los setenta y los ochenta, que coinciden con un momento de cambio político, centraron su trabajo en el estudio de la propiedad de la tierra o, en otros términos, en el debate alrededor de la crisis del Antiguo Régimen y de la revolución burguesa.

En diciembre de 2017, en el marco del V Seminario de la SEHA, se presentaba un documento para el debate que recogía éste y otros ejercicios de discusión historiográfica. En “La Historia Agraria en claroscuro”, parte de la obra *Del pasado al futuro como problema. La historia agraria española en el siglo XXI* (Lana y Soto, 2018), los autores recorrían distintos contextos históricos e historiográficos que podían permitir explicar las mudanzas en las perspectivas y en las temáticas predominantes en el ámbito de la Historia Agraria, señalando como hito principal el debate generado alrededor de la obra *El pozo de todos los males* (Fernández, Gallego, Garrabou, González y Pujol, 2011), que convidaba a la superación de las limitaciones analíticas de la dualidad atraso/progreso.

La propuesta de José Miguel Lana y David Soto contribuye a dar nuevo impulso a la tradición de discusión historiográfica de la SEHA, al igual que la iniciativa de Enric Tello y Manuel González de Molina al promover en 2013 el debate “Repensar la historia agraria”, abierto en la web de la SEHA y que contó con la participación de Iñaki Iriarte. El aniversario de la revista *Historia Agraria* convida también a hacer balance (Carión y Pinilla, 2018).

Sobre la base de los ejercicios reflexivos mencionados, convidamos a un diálogo colectivo que permita continuar el debate alrededor de los cambios en los enfoques, en los métodos y en los sujetos analizados por la Historia Agraria. Proponemos centrar la reflexión en el eje teórico y en sus mudanzas, que no pueden deslindarse de las distintas transformaciones históricas que las acompañan. Pensamos que esta reflexión colectiva podrá contribuir, mucho más allá del ámbito específico de la Historia Agraria, a una mejor comprensión de los cambios operados en el trabajo y en la concepción del cientista social. Recuperar en nuestro presente los distintos debates que fueron conformando el desarrollo de la SEHA, permitirá acercar ese patrimonio colectivo a los investigadores e investigadoras que comienzan su andadura. Abordar colectivamente *nuevas* y *viejas* preguntas, incorporando las diferentes perspectivas disciplinares que confluyen en el estudio de las sociedades rurales, permitirá, además, enriquecer el diálogo entre las distintas formas de pensar la *cuestión agraria*, en un tiempo en que la propia expresión comienza a desvanecerse en el aire.

Sesión 1. La “cuestión agraria” alrededor de 1975

Partiendo de la experiencia del coloquio organizado por la red *ReVolta* en Lugo en 2012, retomaremos la reflexión alrededor del debate de la crisis del Antiguo Régimen y la revolución burguesa, sumando nuevas voces.

Contaremos con las intervenciones de los profesores/a: Rosa Congost, Domingo Gallego, Manuel González de Molina, Jesús Millán, Ricardo Robledo, Pedro Ruíz Torres, Pegerto Saavedra, Enric Tello e Ramón Villares.

Sesión 2. Três décadas de historiografía: balance

Contando con la participación y experiencia de los distintos grupos de investigación que conforman la SEHA, realizaremos un balance de las distintas trayectorias investigadoras, a

partir de la selección de distintas líneas de estudio, centrando la discusión en la reflexión teórica. Contaremos con las siguientes intervenciones:

- *Historia Económica e Historia Agraria*: Vicente Pinilla e Iñaki Iriarte
- *El estudio de los comunales*: José Miguel Lana
- *Agroecología e Historia Ambiental*: David Soto
- *El cambio tecnológico*: Lourenzo Fernández Prieto y Juan Pan-Montojo
- *Historia Política del mundo rural*: Miguel Cabo y Xosé Ramón Veiga
- *Democracia y acción colectiva en el mundo rural*: Antonio Herrera y Jordi Planas
- *La Historia Social y la Historia Cultural en la Historia Agraria*: Alba Díaz Geadá y Daniel Lanero
- *La ditadura; las actitudes sociales; las resistencias*: Ana Cabana y M. Ángel del Arco
- *Estudios demográficos y migraciones*: Isidro Dubert y David Martínez

Sesión 3. Retos de futuro

Sobre la base de una reflexión colectiva previa enriquecida con los aportes que deriven del taller, intentaremos esbozar colectivamente un programa historiográfico de investigación para el futuro.

2. Organización y dinámica de trabajo

Sesión 1

Tras una breve presentación del coloquio, los participantes realizarán una intervención de un máximo de 10' partiendo de un texto elaborado previamente, sobre la base del cuestionario abajo detallado. Después de las exposiciones, abriremos el debate en la mesa, y seguidamente al conjunto de los asistentes.

Sesión 2

Los participantes realizarán una intervención de un máximo de 10' partiendo de un texto elaborado previamente, de dos en dos, sobre la base del cuestionario abajo detallado. Tras las exposiciones, abriremos el debate en la mesa, y seguidamente al conjunto de los asistentes.

Sesión 3

Realizaremos un balance sobre el resultado del taller, que será discutido y evaluado colectivamente, debatiendo asimismo sobre las perspectivas de nuestro campo de estudio.

3. Cuestionarios

Sesión 1 – La “cuestión agraria” alrededor de 1975:

Entendida como el interés por el estudio histórico de la propiedad en el contexto de la revolución burguesa

Cuestionario

1. ¿Por qué la propiedad centró todo un programa de investigación?
2. ¿Qué influencias intelectuales, políticas o metodológicas orientaron el estudio de la propiedad?
3. ¿Para qué sirvió y qué aportó desde la perspectiva actual?
4. ¿A qué conclusiones llegáis sobre los procesos de propietarización, conquista y delimitación de la propiedad?
5. ¿Advertís mudanzas en la forma de concebir la “cuestión agraria” o en la atención prestada a la misma entonces y hoy?

Sesión 2 – Tres décadas de historiografía: balance

Cuestionario

1. ¿Cómo entendéis o pensáis que es/ha sido entendida la “cuestión agraria”?
2. ¿Cuáles son los orígenes del campo de estudio que centra vuestra reflexión y qué pone en cuestión?
3. ¿Qué enfoques teóricos priman en el abordaje de esta línea de trabajo o qué mudanzas observáis en los mismos?
4. ¿Qué aproximaciones metodológicas priman y qué cambios observáis?
5. ¿Cuáles son los principales aportes para el conocimiento histórico de esta línea de trabajo y cuáles sus principales limitaciones?

GAL– CAMBIOS DE PARADIGMA NA HISTORIA RURAL. UN DEBATE

OBRADOIRO DE HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

GRUPO DE INVESTIGACIÓN HISTAGRA

XOVES 17 E VENRES 18 DE XANEIRO DE 2019

1. Presentacións e obxectivos

Por finais do ano 2012, con motivo do 30 aniversario da publicación da obra *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (Villares, 1982), o grupo de investigación *Histagra* e a rede de investigación *ReVolta* convocaron historiadores agrarios de referencia para abordar unha serie de preguntas. En síntese, por que nas décadas dos setenta e oitenta, que coinciden cun momento de cambio político, centraron o seu traballo no estudo da propiedade da terra ou, noutros termos, no debate arredor da crise do Antigo Réxime e da revolución burguesa.

En decembro de 2017, no marco do V Seminario da SEHA, presentábase un documento para o debate que recollía este e outros exercizos de discusión historiográfica. En “La Historia Agraria en claroscuro”, parte da obra *Del pasado al futuro como problema. La historia agraria española en el siglo XXI* (Lana e Soto, 2018), os autores percorrían distintos contextos históricos e historiográficos que poden permitir explicar as mudanzas nas perspectivas e nas temáticas predominantes no ámbito da Historia Agraria, sinalando como fito principal o debate xerado arredor da obra *El pozo de todos los males* (Fernández, Gallego, Garrabou, González y Pujol, 2011), que convidaba á superación das limitacións analíticas da dualidade atraso/progreso.

A proposta de José Miguel Lana e David Soto contribúe a dar novos pulos á tradición de discusión historiográfica da SEHA, ó igual cá iniciativa de Enric Tello e Manuel González de Molina ó promover en 2013 o debate “Repensar la historia agraria”, aberto na web da SEHA e que contou coa participación de Iñaki Iriarte. O aniversario da revista *Historia Agraria* convida tamén a facer balance (Carrión e Pinilla, 2018).

Sobre a base dos exercizos reflexivos mencionados, convidamos a un diálogo colectivo que permita continuar o debate arredor dos cambios nos enfoques, nos métodos e nos suxeitos analizados pola Historia Agraria. Propoñemos centrar a reflexión no eixo teórico e nas súas mudanzas, que non pode deslindarse das distintas transformacións históricas que o acompañan. Coidamos que esta reflexión colectiva poderá contribuír, moito máis alá do eido específico da Historia Agraria, a unha mellor comprensión dos cambios operados no traballo e na concepción do cientista social. Recuperar no noso presente os distintos debates que foron conformando o desenvolvemento da SEHA, permitirá achegar ese patrimonio colectivo ós investigadores e investigadoras que comezan a súa andaina. Abordar colectivamente *novas* e *vellas* preguntas, incorporando as diferentes perspectivas disciplinares que conflúen no estudo das sociedades rurais, permitirá, ademais, enriquecer o diálogo entre as distintas formas de pensar a *cuestión agraria*, nun tempo en que a propia expresión comeza a esvaerse no aire.

Sesión 1. A “cuestión agraria” arredor de 1975

Partindo da experiencia do coloquio organizado pola rede *ReVolta* en Lugo en 2012, retomaremos a reflexión arredor do debate da crise do Antigo Réxime e a revolución burguesa, sumando ós participantes daquela sesión novas voces.

Contaremos coas intervencións dos profesores/a: Rosa Congost, Domingo Gallego, Manuel González de Molina, Jesús Millán, Ricardo Robledo, Pedro Ruíz Torres, Pegerto Saavedra, Enric Tello e Ramón Villares.

Sesión 2. Tres décadas de historiografía: balance

Contando coa participación e experiencia dos distintos grupos de investigación que conforman a SEHA, realizaremos un balance das distintas traxectorias investigadoras, a partir da selección de distintas liñas de estudo, centrando a discusión na reflexión teórica.

Contaremos coas seguintes intervencións:

- *Historia Económica e Historia Agraria*: Vicente Pinilla e Iñaki Iriarte
- *O estudo dos comunais*: José Miguel Lana
- *Agroecoloxía e Historia Ambiental*: David Soto
- *O cambio tecnolóxico*: Lourenzo Fernández Prieto e Juan Pan-Montojo
- *Historia Política do mundo rural*: Miguel Cabo e Xosé Ramón Veiga
- *Democracia e acción colectiva no mundo rural*: Antonio Herrera e Jordi Planas
- *A Historia Social e a Historia Cultural na Historia Agraria*: Alba Díaz Geada e Daniel Lanero
- *A ditadura; as actitudes sociais; as resistencias*: Ana Cabana e M. Ángel del Arco
- *Estudos demográficos e migracións*: Isidro Dubert e David Martínez

Sesión 3. Retos de futuro

Sobre a base dunha reflexión colectiva previa enriquecida cos aportes que deriven do coloquio, tentaremos esbozar colectivamente un programa historiográfico de investigación para o futuro.

2. Organización e dinámica de traballo

Sesión 1

Tras dunha breve presentación do coloquio, os participantes realizarán unha intervención dun máximo de 10' partindo dun texto elaborado previamente, sobre a base do cuestionario abaixo detallado. Tras das exposicións, abriremos o debate na mesa, e seguidamente ó conxunto dos asistentes.

Sesión 2

Os participantes realizarán unha intervención dun máximo de 10' partindo dun texto elaborado previamente, de dous en dous, sobre a base do cuestionario abaixo detallado. Tras das exposicións, abriremos o debate na mesa, e seguidamente ó conxunto dos asistentes.

Sesión 3

Realizaremos un balance sobre o resultado do taller, que será discutido e avaliado colectivamente, debatindo asimesmo sobre as perspectivas do noso campo de estudo.

3. Cuestionarios

Sesión 1 – A “cuestión agraria” arredor de 1975:

Entendida como o interese polo estudo histórico propiedade no contexto da revolución burguesa

Cuestionario

1. Por que a propiedade centrou todo un programa de investigación?
2. Que influencias intelectuais, políticas ou metodolóxicas orientaron o estudo da propiedade?
3. Para que serviu e que aportou dende a perspectiva actual?
4. A qué conclusións chegades sobre os procesos de propietarización, conquista e delimitación da propiedade?
5. Advertistes mudanzas na forma de concibir a “cuestión agraria” ou na atención prestada á mesma daquela a hoxe?

Sesión 2 – Tres décadas de historiografía: balance

Cuestionario

1. Como entendedes ou coidades que é/foi entendida a “cuestión agraria”?
2. Cales son as orixes do campo do estudo que centra a vosa reflexión e que pon en cuestión?
3. Que enfoques teóricos priman na abordaxe desta liña de traballo e que mudanzas observades nos mesmos?
4. Que aproximacións metodolóxicas priman e que mudanzas observades?
5. Cales son as principais achegas para o coñecemento histórico desta liña de traballo e cales as principais limitacións?